

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE MARZO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

FAVORABLES.-

53/06.- José M. Rosende Cambre.- Legaliz. da edificación executada en Cornes núm.46.-

56/06.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Legaliz. da edificación executada na R/ Calzada de Sar núm.9.-

SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE 29 DE FEBREIRO DE 2005.-

863/04.- Manuel Carballeira Veiro.- Viv. unif. na Rúa da Muíña núm.21.-

APERTURAS.-

Lap/55/06.- Metrovacesa.- Licencia de funcionamento de garaxe aparcamento para uso privado do edificio sito na Rúa Ponte Pedriña, Peri-7.-

### 5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente as subvencións para as seguintes vivendas e edificios:

:

SOLICITANTE	ENDEREZO OBRAS	SUBVENCIÓN	DURACIÓN (meses)
Jaime Romero López-Grado	Praza do Toural, 1-2º	2.003,35	1
Francisco Javier Quintela Sanmartín	Costa do Veedor, 9	22.943,25	18
Rosario Gesto González	Rúa das Hortas, 34-E.C.	1.270,42	1
Carmen Leis Barrio	Ruela das Fontiñas, 6-Baixo	9.384,09	4
Pedro Pueyo Novo	Carreira do Conde, 11-2º	1.388,80	1
Divina Cepeda Santasmariñas	Rúa do Hospitaliño, 3	12.485,76	12
Héctor José Gómez Parapar en representación de la Comunidade de Propietarios	Corredoira das Fraguas, 52-E.C.	4.404,11	6
Mª Luisa González Quintáns	Rúa de Patio de Madres, 5-baixo	4.071,32	2
Mercedes Mª Sieiro Enriquez, en representación de la Comunidade de Propietarios	Rúa do Vilar, 4-E.C.	39.670,34	18
Sara Mosquera García	Rúa das Carretas, 22-3º	6.855,17	9

**6.- Proposta do concelleiro delegado de relacións veciñais relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións para actividades, publicacións periódicas e gastos de funcionamento das AAVV. 2006.**

Apróbanse as devanditas bases e os documentos anexos, ás que poderán optar as asociacións veciñais e federacións de asociacións do Concello. A Concellería destinará a estes fins a cantidade total máxima de 80.000 euros, podendo abonar até un máximo de 2.305 euros a cada asociación. O outorgamento das subvencións realizarase ponderando os seguintes criterios:

- ?? Necesidades de equipamento e funcionamento das asociacións.
- ?? Número de actividades e beneficiarios das mesmas.
- ?? Número de publicacións periódicas
- ?? Capacidade financeira.

O prazo para solicitar as subvencións remata un mes despois da súa publicación no BOP.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de relacións veciñais relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para a elaboración da GUÍA CIDADÁ 2006.**

Adxudícase a elaboración da referida Guía por importe de 10.440 euros, de acordo coas características técnicas sinaladas na súa oferta.

**8.- Proposta da concelleira delegada da Presidencia relativa á adxudicación do Subministro e instalación de 150 placas de metacrilato para a sinalización de diversas rúas do Concello.**

Adxudícase a Alberto García por un importe de 12.000 euros.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras de mantemento e desbroce de pistas do Concello (marzo 2006).**

Apróbase o prego e inicio de expediente cun tipo de licitación de 125.192,79 euros.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das Obras de Reparación dun tramo da rede secundaria de Saneamento na rúa ALFREDO BRAÑAS (entre o 25 e o 33)**

Adxudícanse as citadas obras á empresa Aquagest por importe de 24.953,17 euros e un prazo de execución de 4 semanas.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de aceiro corrugado e armado para as obras do CERSIA**

Apróbase o prego e inicio do expediente de contratación do devandito subministro establecéndose un tipo de licitación de 16.000 euros.

**12.- Adxudicación Asistencia técnica para a dirección de execución das obras dunha edificación destinada a Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA).**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa Taliesen Arquitectos SL por importe de 17.900 euros.

**13.- Adxudicación Asistencia técnica para a dirección de execución material e a coordinación de seguridade e saúde das obras de edificación do Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA)**

Adxudícase a licitación de referencia a José Luis Armental por importe de 22.593,29 euros.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das Obras de reparación de desperfectos no Parque de MONTE PIO**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa Daviña por importe de 13.161,71 euros.

**16.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento de varios funcionarios de carreira correspondentes ás prazas da oferta de emprego de 2004.**

Acórdase o nomeamento de seus funcionarios para unha praza de técnico de administración xeral, outra de arquitecto técnico e catro prazas de músico.

**17.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á celebración dunha convocatoria para a elaboración dunha lista de aspirantes para a cobertura temporal de prazas de uxieres.**

Acórdase celebrar unha convocatoria con publicación na prensa local ao fin de elaborar okutra lista de aspirantes para a cobertura das posíbeis prazas que poidan xurdir con carácter laboral en calquera das modalidades ou funcionarios interinos.

**18.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á contratación temporal dun conductor para cubrir unha substitución.**

Acórdase contratar temporalmente un conductor en substitución do Sr. da Torre durante o período en que permaneza de baixa.

**19.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á resolución de recursos de reposición contra a denegación da paga de produtividade.**

Acórdase que a estimación dos recursos supón o pagamento a cada unha das interesadas da cantidade de 183,91 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á resolución de reclamacións e corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno Local de concesión de axudas sociais ao persoal municipal.**

Acórdase o pagamento de diversas cantidades a persoal municipal, cun importe total de 984,93 euros.

**22 a 75.-** Apróbanse diversas propostas relativas a solicitudes de bonificación no Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e exención na Taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

**76.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Acórdase conceder a exención solicitada a Carmen Cordido e María Montoya.